

## Sabías do Río Miño que.....

➔ Cando os romanos chegaron á Península pensaban que o Miño era un río embruxado. Crían que despois del, escondido entre a néboa, estaba o fin da Terra, un enorme cantil que os mandaría ao valeiro. Conta a tradición oral que personaxes mitolóxicos galegos habitaban no río Miño, tales como "Feiticeiras" que vivían no mesmo río e que segundo as lendas cando navegabas polo Miño tiñas que levar unha pedra na boca para impedir que poideras falar, e así non se meterían contigo. Outros seres mitolóxicos serían os "Xarcos" que moraban en pozos e os "Homes-peixe ou Xacios" que eran unha especie de anfibios con posibilidade de vivir tanto na terra como na auga. Para o pai da etnografía galega, Bouza Brey, as lendas dos Xacios do río Miño teñen unha clara procedencia xermánica, onde abundan as historias de seres acuáticos fantásticos.

➔ Cando os nosos avós ían á escola aprendían unha cantinela "El Miño nace en Fuentemiña, provincia de Lugo, pasa por Lugo, Orense y Tui y desemboca en la Guardia provincia de Pontevedra". Esta cantinela tería algunha variación na actualidade. Hoxe todo o mundo admite que nace no Pedregal de Irimia. Os estudiosos baséanse en que o caudal de Fonmiñá únese a 6 km de percorrido do Miño, pola esquerda e con moito menos caudal do que xa leva o río.

➔ A Ponte Internacional do Río Miño xurde alá polo 1864 cando o goberno de Isabel II nomea unha comisión para estudar a conexión por ferrocarril entre España e Portugal. Esta comisión decide que sería necesario catro conexións: unha por Plasencia, outra por Salamanca, unha por Huelva e unha última que unise Oporto con Vigo. Para esta última elíxese O Poste vermelho onde se construíra unha ponte metálica ideada polo enxeñeiro e deputado rioxano Pelayo Mancebo de Ágreda, para uso de ferrocarril, peóns e vehículos. A elección débese a que aquí o río Miño estaba moi encauzado e non había problemas de desbordamentos polo que abarataba a súa construción. Isto axudaría a potenciar o comercio entre Valença e Tui, que xa era importante nese momento, de gando e hortalizas. A súa inauguración oficial tivo lugar o 25 de marzo de 1886. Como curiosidade dicir que, os seus pilares preparáronse con dinamita en previsión dunha posible guerra con Portugal, co que se aseguraría a destrución da ponte de ser necesario. No ano 1993 construírías a nova ponte de formigón como autovía.




# BIBLIO DOUS



2º Trimestre  
Curso 2011/12  
Número 2

## Boletín para as familias

### ○ Río Miño



Queridas familias:

Aquí chega a 2ª publicación do boletín trimestral, no que lles damos conta dos últimos traballos realizados dende os Equipos de Biblioteca e Normalización Lingüística.

Esta publicación estará dedicada integramente ao Río Miño. Esperamos sexa do seu interese.



# Os libros un río de sabiduría

Ollade para o río Miño que temos á nosa beira, todo espello, lustro e vidro, todo cristal, carambelo, vai baixando paseniño feito ceo, caramelo.

Entre as súas arboredas, semella que non se moven as augas azuis, quedas, preto da "Soberbia Tui" e do fortín de Valença.

As augas van silandeiras con murmurios de saudades, por mor de que non quixeran espertar á vecindade nesta tarde que sestea con agarimo de sonos nun arrollo de peneira.

UN RECITAL NA ALAMEDA  
Antonio Rivas  
Tui 2012

REFRÁNS SOBRE RÍOS  
O Sil leva a auga e o Miño a fama.  
A río revolto, ganancia de pescadores.  
De perdidos, ao río.  
Cando o río sona, auga leva.

## Boletín de Informacións do noso cole

### Recomendamos ler



OS BOLECHAS QUEREN SABER QUE É A AUGA  
PEPE CARREIRO.  
ED. A NOSA TERRA  
0-7 ANOS



CIENCIA MÁGICA EN EL BAÑO.  
ROBINSON. ED. ONIRO  
+ 7 ANOS.



DONA LONDRA NO RÍO REVOLTO  
ALBERTO VARELA  
ED. XERAIS.  
3-6 ANOS



ROSA MARIPOSA SALVEMOS EL RÍO .VVAA.  
ED. LA GALERA. 7-10 ANOS



RÍO ABAIXO. LUIS BUGARÍN.  
ED. GALAXIA.. +10 ANOS.



CONTOS DO MIÑO. ELISEO ALONSO.  
ED. XERAIS +10 ANOS.

### Libros Viaxeiros

Proximamente dende o centro porase en marcha unha actividade chamada " Libros Viaxeiros". En calquera lugar de Tui podes atopar un libro pousado. Se é así, cólleo, disfruta da súa lectura e despois déixao noutro lugar, para que siga "viaxando".

Tamén o centro convidavos a que despois de lelo, fagades un traballinho sobre el que entregaredes no Ceip N°2 de Tui ou na Biblioteca Municipal de Tui. Este traballo pode ser con debuxo, fotografía, redacción, recursos multimedia, artes plásticas...

Con todos os traballos faremos unha exposición e elixiremos os tres mellores para un agasallo. Non esquezades adxuntar a ese traballo os vosos datos persoais, para poder localizarvos en caso de ser os afortunados gañadores.

Sorte e que atopedes os nosos libros viaxeiros!!!

### Frases ecolóxicas

📖 Só despois de que a última árbore sexa cortado só despois de que o último río sexa envenenado só despois de que o último peixe sexa apresado só entón saberás que o diñeiro non se pode comer. (Profecía india)

📖 Non herdamos a terra dos nosos antepasados, tomámola prestada dos nosos fillos. (Profecía india)

### Acontecementos próximos

2 de Abril "Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil". Cadrando coa data de nacemento do escritor Andersen.

20 de Abril "Commemoración da importancia da Educación na primeira infancia".

23 de Abril "Tuile". Praza de San Fernando coincidindo co día do libro

17 de Maio "Día das Letras Galegas" dedicadas este ano a Valentín Paz Andrade.

### Visita na rede

 [bibliotui2.blogspot.com](http://bibliotui2.blogspot.com)

 [edu.xunta.es/centros/ceipnumero2tui](http://edu.xunta.es/centros/ceipnumero2tui)

 [concienciarce.blogspot.com](http://concienciarce.blogspot.com)

### AS LETRAS GALEGAS...

Este ano de homenaxease a Valentín Paz Andrade. Nace en Pontevedra en 1898 e dedicouse á avogacía e á actividade política, ademais de escribir. Escribiu moitos artigos de economía e historia, e tamén libros de poesía. Recomendámolche este para que sepas máis del...



Grazas a todos/as e ata a próxima!